

[Gal/Cast] “Causa Galiza traballó politicamente, quien debe explicarse es el Ministerio del Interior”

TERRA LIBERADA :: 24/01/2016

Joám Peres es uno de los imputados en la “Operación Jaro”, en la que la Policía española detuvo a la directiva de Causa Galiza por presuntamente enaltecer el terrorismo

[Galego]

Joám Peres: “Causa Galiza trabalhou politicamente, quem deve explicar-se é o Ministério do Interior”

Joam Peres é un dos imputados na "Operación Jaro", na que a Policía detivo a directiva de Causa Galiza por presuntamente enaltecer o terrorismo. Este domingo 50 organizacións convocan unha manifestación "polos dereitos civís de todos". Os apoios, e ausencias, nesa marcha e o papel dos medios de comunicación tras as detencións son algúns dos temas desta entrevista.

Tras a Operación Jaro toda a directiva de Causa Galiza foi detida e a organización deixou de funcionar por orde da Audiencia Nacional. De feito, a súa web segue caída. Cal é a situación legal de Causa Galiza neste intre?

Tecnicamente, a nosa situación legal é de “suspensión de actividades durante dous anos”. Isto na práctica é unha ilegalización: non podemos reunarnos, organizar actividades políticas, manter relacións con outros axentes ou, por exemplo, convocar o Día da Pátria, como fixemos ininterrompidamente desde 2007. Facelo motivaría novas detencións e procesos. Trátase dun feito inaudito porque, desde 1936, en que o fascismo ilegaliza o Partido Galeguista, esta é a primeira ilegalización que coñecemos e denota o nivel de degradación en que está mergullado o rexime español de 1978. Como daquela, pretenden cortar a herba de raíz para que nada medre e imposibilitar, tamén por vía policial, o avance do independentismo organizado na Galiza.

Como prevén que evolucionará a situación?

Somos plenamente conscientes de que estamos mergullados e mergulladas nun proceso político e, portanto, o seu desenvolvemento non depende de elementos ponderábeis nun

proceso xudicial “normal”, senón de como evolúa a crise do rexime e dos obxectivos políticos e represivos do Estado profundo en cada conxuntura. Lembremos como dado relevante que o tribunal que nos imputa constituíuse exactamente o mesmo día en que se disolvía o Tribunal de Orden Público da ditadura.

O 24 de xaneiro marcharán polas rúas de compostelanas nunha manifestación en defensa dos dereitos civís e en contra da ilegación das organizacións políticas. Con que apoios a nivel de colectivos contan na organización da manifestación?

A solidariedade e o recoñecemento que recibemos durante e despois da Operación Jaro foi impresionante. Dígoo con sinceridade. É a proba máis evidente de que o operativo mediático e propagandístico que a acompañou foi en moitos sentidos un fracaso. A xente en xeral hoxe ten serias dificultades para acreditar na “versión oficial”. Para a manifestación do próximo domingo, por exemplo, contamos ata o momento co apoio de máis de 50 axentes sociais, sindicais e políticos galegos, algúns de tanta entidade como a CIG, os centros sociais do país, a rede de colectivos A Ria non se vende, etc.

Botaron algún en falta?

Naturalmente, identificamos ausencias, mais non nos toca a nós explicalas. Será cada quen quen deba argumentar cal é o seu compromiso, á hora da verdade, cando hai problemas reais sobre a mesa, coa defensa das liberdades democráticas e en que medida este se modula por intereses partidarios, electorais ou por vocación de vivir no terreno da “corrección política”. De todos xeitos, á marxe do que digan as dirixencias, temos o respaldo e o recoñecemento de moita militancia das organizacións “ausentes” que se mobilizará este domingo e iso é o que importa realmente.

Como animarían a participar as persoas que poden cuestionarse se a súa detención non é unha operación política pero que asemade tamén poden ter medo de poñerse no foco da Policía ao acudir?

A mobilización de domingo é unha convocatoria legal, apoiada por mais de 50 partidos, sindicatos, asociacións e colectivos e foi comunicada á Subdelegación do Goberno da Coruña nos prazos preceptivos. Neste sentido, cumpre os requisitos legais e, aliás, o que é máis importante desde a óptica da lexitimidade, conta cunha amplísima representatividade social detrás. Respecto á pregunta, eu daríalle a volta: en que tipo de persoas e de

sociedade nos converteríamos se renunciásemos ao exercicio da liberdade de expresión ou de manifestación por temor a unha simples identificación policial? Que rexime é aquel onde as e os cidadáns sinten medo á represión por exercer os seus dereitos fundamentais? Podemos contribuir co noso silencio a que a perspectiva da independencia nacional, que é a única opción de futuro para a Galiza, sexa criminalizada e perseguida?

En varias ocasións rexeitaron publicamente as acusacións que fai contra vostedes o Ministerio do Interior, como o de colaborar con Resistencia Galega. En que basean a súa defensa?

Nós fumos unha organización política que, en distintas fases, desde 2007, mantivo un traballo intenso en defensa do dereito de autodeterminación deste país e da independencia como única solución posíbel á nosa problemática socioeconómica, política, identitaria, etc. Isto é o que hai: traballo político e público, feito á luz do día e, en ocasións, coa participación de milleiros de persoas como é sabido. Quen debe dar explicacións non somos nós, mais o Ministerio de Interior, ou a Guardia Civil, por asaltar domicilios de madrugada a punta de metralleta, por comunicar ás redaccións de distintos medios -como algúns profesionais nos fixeron chegar- que a cobertura informativa das operacións sería “perigosa” porque poderíamos estar “armados”, ou por fazer acusacións penais insustentábeis. Quen debe dar explicacións é quen, nunha presunta democracia, persegue o independentismo galego organizado e ameaza con prisión a quen milita con esta perspectiva.

Vostedes están en liberdade con cargos, que poden supor condenas de cadea. Non temen que a organización desta protesta empeore a súa situación xudicial?

A propia pregunta delata a gravidade da situación en que, conscientemente ou non, estamos: que ti podas imaxinar que o exercicio de dereitos formalmente recoñecidos no actual marco legal poda ser agravante nun proceso penal é significativo. Contodo, a convocatoria de domingo non é dos nove independentistas procesadas na Audiencia Nacional, senón dun amplo abano de organizacións, colectivos, partidos e asociacións que identificaron que o que está a acontecer é inaceptábel, que rechazan a criminalización e ilegalización do independentismo organizado e que son conscientes de que isto ten moito de recorte de liberdades básicas e de proceso de fascistización do rexime. A persecución policial e penal dos independentistas non nos afecta apenas a nós, senón que atinxe toda a sociedade galega porque bloquea vías de futuro.

Cando anunciou as súas detencións, o Ministerio do Interior sacou unha nota na que os vinculaba a vostedes directamente co terrorismo. Varios non reproduciron a súa versión dos

feitos e algúns publicaron erros evidentes. En definitiva, como valora o papel dos medios de comunicación no relato do sucedido?

Non quero parecer desprezativo co traballo de moitas e moitos profesionais honestos do xornalismo. No entanto, nesta ocasión, máis unha vez, debemos dicir que o papel dos medios foi o dun simple instrumento de propaganda e acompañamento da operación policial e xudicial. Reproduciron acriticamente a versión da Guardia Civil, renunciaron ao contraste de fontes que esixe o seu código deontolóxico e sentenciaron sen apelación posíbel expondo as nosas identidades. Nada novo, por outra parte, neste tipo de procesos.

Isto acontece porque, ao final, dependen do poder político e económico, de subsidios oficiais e privados e, como diz o proverbio popular, “ninguén traba na man que lle dá de comer”. Vistas as submisións e dependencias, esta actitude podería ser “comprensíbel”. Outra cousa xa é dirimir se iso que producen é información, ou a miserábel xustificación propagandística dunha operación político-policial. O contrapunto dérono, de novo, os medios galegos independentes, que son os únicos a través dos que se pode recibir información neste país e aos que debemos a inexistencia de unanimidade informativa.

[Castellano]

Joám Peres es uno de los imputados en la “Operación Jaro”, en la que la Policía española detuvo a la directiva de Causa Galiza por presuntamente enaltecer el terrorismo. Este domingo, 50 organizaciones convocan una manifestación “por los derechos civiles de tod@s”. Los apoyos, y ausencias, en esta marcha y el papel de los medios de comunicación tras las detenciones son algunos de los temas de esta entrevista.

Tras la Operación Jaro toda la directiva de Causa Galiza fue detenida y la organización dejó de funcionar por orden de la Audiencia Nacional. De hecho, su web sigue caída. ¿Cuál es la situación legal de Causa Galiza en este momento?

Técnicamente, nuestra situación legal es de “suspensión de las actividades durante dos años”. Esto en la práctica es una ilegalización: no podemos reunirnos, organizar actividades políticas, mantener relaciones con otros agentes o, por ejemplo, convocar el Día da Pátria Galega, como hicimos ininterrumpidamente desde 2007. Hacerlo motivaría nuevas detenciones y procesos. Se trata de un hecho inaudito porque, desde 1936, cuando el fascismo ilegaliza el Partido Galeguista, ésta es la primera ilegalización que conocemos y muestra el nivel de degradación en que está inmerso el régimen español de 1979. Como en aquel momento, pretenden cortar la hierba de raíz para que nada crezca e imposibilitar,

también por vía policial, el avance del independentismo organizado en Galiza.

¿Cómo creéis que evolucionará la situación?

Somos plenamente conscientes de que estamos inmersos e inmersas en un proceso político y, por tanto, su desarrollo no depende de elementos ponderables en un proceso judicial “normal”, sino de que evolucione la crisis del régimen y de los objetivos políticos y represivos del Estado en cada coyuntura. Recordemos como dato relevante que el tribunal que nos imputa se constituye exactamente el mismo día en que se disuelve el Tribunal de Orden Público de la dictadura.

El 24 de enero marcharán por las calles de Compostela en una manifestación en defensa de los derechos civiles y en contra de la ilegalización de las organizaciones políticas. ¿Con qué apoyos a nivel colectivo cuentan en la organización de la manifestación?

La solidaridad y el reconocimiento que recibimos durante y después de la Operación Jaro fue impresionante. Lo digo con sinceridad. Es la prueba más evidente de que el operativo mediático y propagandístico que la acompañó fue en muchos sentidos un fracaso. La gente en general hoy tiene serias dificultades para creer en la “versión oficial”. Para la manifestación del próximo domingo, por ejemplo, contamos hasta el momento con el apoyo de más de 50 agentes sociales, sindicales y políticos gallegos, algunos de tanta entidad como la CIG, los centros sociales del país, la red de colectivos A Ria non se vende, etc.

¿Echaron en falta a alguno?

Naturalmente, identificamos ausencias, pero no nos toca a nosotros y nosotras explicarlas. Cada quien será quien deba argumentar cuál es su compromiso, a la hora de la verdad, cuando hay problemas reales sobre la mesa, con la defensa de las libertades democráticas y en qué medida éste se modula por intereses partidarios, electorales o por vocación de vivir en el terreno de la “corrección política”. De todos modos, al margen de lo que digan las dirigencias, tenemos respaldo y reconocimiento de mucha militancia de las organizaciones “ausentes” que se movilizará este domingo, y eso es lo que importa realmente.

¿Cómo animarían a participar a las personas que pueden cuestionarse si vuestras detenciones no son una operación política, pero que al mismo tiempo también pueden tener

miedo de ponerse en el foco de la Policía al acudir?

La movilización del domingo es una convocatoria legal, apoyada por más de 50 partidos, sindicatos, asociaciones y colectivos, y fue comunicada a la Subdelegación del Gobierno de A Coruña en los plazos preceptivos. En este sentido, cumple con los requisitos legales y, además, lo que es más importante desde la óptica de la legitimidad, cuenta con una amplísima representatividad social detrás. Respecto a la pregunta, yo le daría la vuelta: ¿en qué tipo de personas y de sociedad nos convertiríamos si renunciásemos al ejercicio de la libertad de expresión o de manifestación por temor a una simple identificación policial?

En varias ocasiones rechazastéis públicamente las acusaciones que hace contra vosotr@s el Ministerio del Interior, como el de colaborar con Resistencia Galega. ¿En qué basan su defensa?

Nosotros fuimos una organización política que, en distintas fases, desde 2007, mantuvo un trabajo intenso en defensa del derecho de autodeterminación de este país y de la independencia como única solución posible a nuestra problemática socioeconómica, política, identitaria, etc. Esto es lo que hay: trabajo político y público, hecho a la luz del día y, en ocasiones, con la participación de miles de personas, como es sabido. Quien debe dar explicaciones no somos nosotras y nosotros, sino el Ministerio de Interior, o la Guardia Civil, por asaltar domicilios en la madrugada a punta de metralleta, por comunicar a las redacciones de los distintos medios -como algunos profesionales nos hicieron llegar- que la cobertura de las operaciones sería “peligrosa” porque podríamos estar “armados”, o por hacer acusaciones penales insustentables. Quien debe dar explicaciones es quien, en una presunta democracia, persigue al independentismo gallego organizado y amenaza con prisión a quien milita con esta perspectiva.

Vosotras y vosotros estáis en libertad con cargos, que pueden suponer condenas de cárcel. ¿No teméis que la organización de esta protesta empeore vuestra situación judicial?

La propia pregunta delata la gravedad de la situación en que, conscientemente o no, estamos: que tú puedas imaginar que el ejercicio de derechos formalmente reconocidos en el actual marco legal pueda ser agravante en un proceso penal es significativo. Con todo, la convocatoria del domingo no es de los y las nueve independentistas procesadas en la Audiencia Nacional, sino de un amplio abanico de organizaciones, colectivos, partidos y asociaciones que identificaron que lo que está sucediendo es inaceptable, que rechazan la criminalización e ilegalización del independentismo organizado y que son conscientes de que esto tiene mucho de recorte de libertades básicas y de proceso de fascistización del

régimen [español]. La persecución policial y penal de independentistas no nos afecta solamente a nosotras y nosotros, sino que también alcanza a toda la sociedad gallega porque bloquea vías de futuro.

Cuando anunció vuestras detenciones, el Ministerio del Interior sacó una nota en la que os vinculaba directamente con el terrorismo. Varios no reprodujeron su versión de los hechos y algunos publicaron errores evidentes. En definitiva, ¿cómo valoras el papel de los medios de comunicación en el relato de lo sucedido?

No quiero parecer despreciativo con el trabajo de muchas y muchos profesionales honestos del periodismo. Si embargo, en esta ocasión, una vez más, debemos decir que el papel de los medios fue el de un simple instrumento de propaganda y acompañamiento de la operación policial y judicial. Reprodujeron acríticamente la versión de la Guardia Civil, renunciaron al contraste de fuentes que exige su código deontológico y sentenciaron sin apelación posible exponiendo nuestras identidades. Nada nuevo, por otra parte, en este tipo de procesos.

Esto sucede porque, al final, dependen del poder político e económico, de subsidios oficiales y privados y, como dice el proverbio popular, “nadie muerde la mano que la da de comer”. Vistas las sumisiones y dependencias, esta actitud podría ser “comprensible”. Otra cosa ya es dirimir que eso que producen es información o la miserable justificación propagandística de una operación político-policial. El contrapunto nos lo dieron, de nuevo, los medios gallegos independientes, que son los únicos a través de los que se puede recibir información en este país y a los que debemos la inexistencia de unanimidad informativa.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-lcausa-galiza-trabajo>